

Rodríguez Baixeras: "O bonito da homenaxe é que os compañeiros estarán comigo"

Diego de Cora / LV 01/xun/12

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) homenaxea mañá ao poeta ribadense de adopción Xavier Rodríguez Baixeras, dentro do programa 'O escritor na súa terra'. Nado en Cataluña, o autor escolleu para o tributo dos seus colegas de profesión a vila que foi a patria dos veráns da súa infancia e da súa adolescencia.

XAVIER RODRÍGUEZ Baixeras (Tarragona, 1945) fálanos das súas experiencias como poeta e do seu contacto con diferentes culturas. De Ribadeo, a localidade das primeiras experiencias poéticas, e Salvador de Baía, refuxio de madurez do escritor.

Como acolle a homenaxe que vai recibir en Ribadeo mañá da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)?

Moi ben. Esta é unha homenaxe que se organiza anualmente chamada 'O/a escritor/a na súa terra' e este ano tocouse a min. Escollín Ribadeo porque vivo aquí e é a vila das primeiras vivencias poéticas e as máis intensas; da miña infancia e da miña adolescencia. Porque aquí tamén veraneei moitos anos.

Será unha homenaxe moi próxima.

O bonito deste día é que os teus compañeiros están contigo. Hai un acto no Concello no que ao mellor un colega escritor fala de ti, e ti contéstalles. É un acto de solidariedade e de amizade. Eu teño asistido a varias celebracións deste tipo. Hai uns dez anos estiven en Ribadeo no que se lle adicou a Luz Pozo.

Como é a súa relación coa AELG?

Esta é unha asociación fundada a principios dos 80 e que nunca deixou de funcionar. Recordo que o primeiro congreso foi no mosteiro de Poio, ao que asistiu moita xente, entre eles moi importantes escritores. Sobre todo tiveron contacto coa asociación nas chamadas 'galeuscas', unhas viaxes que sirven de encontro con outras literaturas do territorio estatal, como a éuscara, valenciana, mallorquina ou catalá. Nunca perdín o contacto con eles, aínda que co tempo vai a menos.

E como valora o seu labor?

Desenvolven a importante función de crear lazos entre os escritores e de defensa dos seus intereses.

Tivo a experiencia iniciática coa cultura galega en Madrid nun curso impartido por Ben-Cho-Shey.

Si. En 1970 asistín a aquelas clases do Centro de Amigos da Unesco co meu amigo Juan Soto. Alí impartíanse clases de galego en anos moi difíciles; aquilo case tiña un toque clandestino. Pero foi algo importante, porque entón en Madrid deixara a súa esteira a xeración de Brais Pinto, que trouxo a modernidade á literatura e cultura galegas contemporáneas de Ferrín, Bernardino Graña, Raimundo Patiño, etc. Así que puidemos entrar en contacto con xente desta xeración.

Hai uns anos descubriu Salvador de Baía, lugar onde reside parte do ano.

Salvador de Baía é unha cidade moi peculiar dentro do seu país porque ten unha cultura moi diferente á do resto de Brasil; é de cultura africana. Preséntase atractiva e ao mesmo tempo estraña a un mesmo, que pode observala como espectador. Ademais, ten un compoñente importante de poboación galega, xa que houbo unha emigración que xurdiu dunha zona moi concreta de Pontevedra que se pode situar aproximadamente entre Ponte Candelas e Mondariz.

Como definiría a poesía un poeta experimentado coma vostede?

A poesía é unha arte que expresa ideas e sentimentos dun xeito orixinal e a través dunha forma proporcionada pola tradición. Expressa o mundo interior de cada un mediante unha lingua que se procura orixinal obtida da tradición cultural; porque o poeta non inventa nada, só se mergulla nun río de tradición e cultura.

En que está a traballar nestes momentos?

Un sempre ten algo na cabeza. Eu sigo escribindo libros, poemas, algo en prosa –que tamén pode ser poesía–. Todo o que un escribe vai madurando e converténdose en libro. Aínda que ultimamente hai que ter un pouco de calma con todo isto, porque a partir de certa idade hai que tomar as cousas con outro ritmo.